

Ponle Cor a Lingua



Vermello Verde Azul
Laranja Amarelo Vermello Verde Azul Morado Laranja Amarelo Vermello Verde Azul Morado Laranja Amarelo Vermello Verde Azul Morado Laranja Amarelo Vermello Verde Azul Morado

Ponlle Cor á Lingua★

Os magos do Nadal xa estamos activando a maxia para que un ano máis chegue a todos os recunchos do mundo.

Como ben sabes, encântannos as cores e por iso nos gusta tanto visitar a túa terra chea sempre dun colorido espectacular. Desta volta imos algo preocupados porque soubemos que moitas desas cores alegres tornáronse **negras** por causa dos rabudos incendios que hai pouco tempo encheron de fume e tristura o teu país. Pero a nosa preocupación estase convertendo en esperanza **verde**, pois estamos seguros de que os nenos e as nenas traballaredes arreo para que esa negrura non nos envolva nunca máis.

A nós, os magos, gústanos pórllle cor a todo porque as cores axúdannos a contar mellor as nosas emocións e sentimentos. Así, a alegría pintámola de **amarelo**, a rabia e a caraxe de **vermello**, o medo de **negro**, a calma de **verde**...

Estes días andamos pedíndolles axuda aos nenos e nenas para colorear as linguas do mundo e queremos facerche unha encarga moi importante.



Pedímosche que na túa carta nos digas de que cor queres que sexa a túa lingua, o galego, e por que motivos escolles esa cor para ela.

Así, axudáranos a practicar o galego e a poñerlle cor.

Lembra deixar a carta co teu nome, enderezo e un teléfono de contacto nas caixas de correo que encontrarás nos coles e nos locais municipais. Tes de prazo **ata o 3 de xaneiro**, pero canto antes nola envíes moito mellor.

Prometemos contestar todas as que nos cheguen en galego e enviarche un pequeno agasallo de agradecemento pola túa colaboración.

As cartas máis creativas e mellor decoradas terán un premio especial que levaremos á Festa de Reis do Concello.

Máis nada polo de agora. Vémonos axiña!!

Mentres, enviámosche apertas **amarelas** e bicos **verdes**.

A maxia do Nadal

